

RESOLUCIÓN REITORAL DO 16 DE ABRIL DE 2021 SOBRE O REMATE DA ACTIVIDADE NON PRESENCIAL DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO MARCO DA SITUACIÓN SANITARIA ACTUAL POR MOR DO COVID19.

Mediante a Resolución Reitoral do 6 de novembro de 2020 sobre a actividade non presencial do persoal de administración e servizos na Universidade da Coruña no marco da situación sanitaria actual por mor do Covid19, estableceuse a posibilidade de que este persoal desenvolvese o seu traballo na modalidade non presencial con determinadas condicións (punto 1º) e dependendo dos postos ou funcións a desenvolver (punto 2º).

Na Exposición de Motivos da dita resolución facíase referencia ao Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 e a súa prórroga polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, segundo o seu artigo 2, ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021.

Tamén nesa mesma exposición de motivos, indicábase que a conveniencia de regular no ámbito da Universidade da Coruña a prestación do servizo na modalidade non presencial será transitoriamente en tanto dure a situación sanitaria.

No Diario Oficial de Galicia número 69-bis do 14-04-2021, publicouse o Decreto 59/2021, do 14 de abril, polo que se modifica o Decreto 45/2021, do 17 de marzo, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. As medidas adoptadas neste decreto e a exposición do apartado IV do seu Preámbulo, consolidan a percepción da mellora da situación sanitaria no ámbito galego e, en consecuencia, permiten avanzar na progresiva reincorporación ao traballo presencial no ámbito da Universidade da Coruña.

Por tanto, de acordo co punto 4º da referenciada Resolución Reitoral do 6 de novembro,

RESOLVO

O remate da vixencia da Resolución Reitoral do 6 de novembro de 2020 sobre a actividade non presencial do persoal de administración e servizos na Universidade da Coruña no marco da situación sanitaria actual por mor do Covid19, con efectos das 00.00 horas do día 9 de maio de 2021.

Asinado dixitalmente polo reitor da UDC

Código Seguro De Verificación	LCqxWGzoH+sdyl63g44skQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	16/04/2021 12:25:44
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/LCqxWGzoH+sdyl63g44skQ==		

